

Vinte anos despois

Parodiando brutalmente a Dario (a Rubén; non, a meu irmán): “es el verano y vengo de un Escorial caliente; ni hacía mucho frío, ni erraba vulgar gente”.

Erraban tribus políglotas de profesores reclutados pola Complutense para vagas recapitulacións estivais e, entre eles, menos erráticos, nós, o equipo dos carrozas da Xunta Democrática que se presentara públicamente tal día como hoxe hai vinte anos: Antonio García Trevijano, pletórico de forma e categórico; José Vidal-Beneyto, coa súa cultura libresca abraiante; Santiago Carrillo, estoico e sempre enteiro; Emilio Gastón, o abogado-poeta que fora **Justicia de Aragón**; Marcelino Camacho, plúmbeo, anxelical e incombustible; (Marcelino abraza como un irmán maior; a súa esposa Josefina bica como unha nai insaciable de afecto); María Teresa de Borbón, culta e bondadosa como unha princesa de conto; Ramón Tamames, fugaz e distante; Nazario Aguado, decepcionado e irónico; o maxistrado Cesáreo Rodríguez Aguilera; ecuaníme e cordial; o xornalista, Pablo Sebastián, escaldado; o actor, Juan Diego, extrovertido; o abogado canario, José Joaquín Díaz de Aguilar, entusiasta e, acoplado entre tantas celebridades, o que suscribe, complacido e atento.

Ausencias a lamentar: a de Raúl Morodo (lumbalxia, talvez diplomática) e maila de Luis Uruñuela (Partido Andalucista), afectado de confusión episódica. O Partido; non, Luis).

No Coliseo Carlos III, restaurado con gusto exquisito, ouvimos declamar en homenaxe a Blas de Otero, non só a Juan Diego e a outros profesionais, senón, tamén a Emilio Gastón e a Baltasar Garzón, alumeado éste por un firmamento intermitente de flashes.

Despois desta experiencia, confirmome en que o deste home é a xudicatura.

Comencei a miña conferencia dicindo que pensaba romper unha lanza por Felipe... naturalmente, polo rei Felipe II, que fixera edifica-la octava marabilla do mundo, a poucos pasos de ali.

Que eu saiba, os demais non estaban para tantas bromas. Unha onda de decepción percorre agora o espiñazo do país e isto, no Escorial, notábase.

Os profesores do curso, baixo o liderato implícito de García Trevijano, tendían a sostener que a Xunta Democrática instaurara un mecanismo de mobilización profundo e orixinal que, de non ser polo marcado espírito pactista que introduciu a “Plata-Junta”, defenestrando os independentes, tería logrado verdadeiro cambio de réxime, con plebiscito sobre a forma de goberno e cun xenuino proceso constituinte que, desta outra forma, quedou marxinado.

Segundo a opinión maioritaria, “de aquellos polvos vinieron estos lodos” de Roldanes y Filesas e un bipartidismo imperfecto no que resulta difícil recoñecer a unha verdadeira democracia, nin siquera representativa:

*Aos vinte anos, o menos
que pode facer cada ci-
dadán é a súa particu-
lar reflexión sobre as
Xuntas Democráticas*



Alfonso Alvarez Gándara

unha análise probablemente hipercrítica.

Nas miñas intervencións fixen referencia a diversos rasgos perfectibles do noso ordenamento político e, non

só no plano constitucional, e recoñecín a lagoa que supuxo o feito de terse arrogado o Parlamento potestades constituintes que non tiña conferidas, sen descoida-la circunstancia de que todo un pobo, o vasco, negoulle a súa aprobación ao texto constitucional.

Tamén me tocaba a mín recordar que a Xunta non conseguirá asociar á súa dinámica as plataformas unitarias das nacionalidades. Falta de sutura que foi somentes paliada coa creación da POD, o 25 de setembro de 1976; pero, daquela a inflexión desmobilizadora estaba xa demasiado pronunciada.

Considero dubidoso que a oposición anti-franquista, por moito que se aprofundara na mobilización cívica tivera poder para condicionar-lo cambio dun xeito determinante.

A fin de contas, Vitoria, Montejurra, a brutal malleira propinada a García Trevijano e compañeiros. Atocha e outros sucesos acreditan que o adversario conservaba una ampla capacidade de provocación. Nesas condicións, orientarse por unha transición con transacción era un grave deber moral.

Persoalmente opino que, tras o referendo do 10 de decembro de 1976, Adolfo Suárez tiña nas súas mans tódolos triunfos daquela brisca histórica: á Comisión dos Nove, tan caótica e informalmente designada, xa non lle tocaba negociar, senón escoitar.

En todo caso, aos vinte anos de aquilo, o menos que pode facer cada cidadán é a súa particular reflexión sobre os éxitos e as frustracións das Xuntas Democráticas, sobre os gozos e as sombras daquel esforzo.